

Retorno sen volta

Xosé Lastra Muruais

Ilustrado por
Leandro Lamas





**XLVII PREMIO DE POESÍA DO CERTAME
LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA 2021**

Lema:

LOUREIRO

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------|----|
| Anada | 2 |
| Rapto | 3 |
| Badaladas | 4 |
| Filme | 5 |
| Negouche o nome a luz | 6 |
| Nunca amencera | 7 |
| Ollos | 8 |
| Lingua | 9 |
| Fóra ou dentro | 10 |
| Nai | 11 |
| Volveuse a noite | 13 |
| Noite pecha | 14 |
| No país (Xeración a rentes do ar) | 15 |
| Domingo | 16 |
| Tripou | 17 |
| Anacos | 18 |
| Tremores | 19 |
| Soño | 20 |
| Nunca unha nave fendera o mar... | 21 |
| Nena | 22 |
| Distancia | 23 |
| Retorno sen volta | 24 |
| Salou | 25 |
| Mentres caían as estrelas sobre a ría | 26 |
| Ría estrelada | 27 |
| Tibidabo | 28 |
| Pechai esa porta! | 29 |
| Pesadelo | 31 |
| Retorno | 32 |
| Barrio | 34 |
| Lúa | 35 |
| Xitana | 36 |

ANADA

Abandonouno aquel día,
en primavera,
cando asomaba a raíz nidia na tona
e a codia da alma aínda era virxe,
e o gromo era lene,
inconsistente,
cando os ollos sabían de milagres
para mirar atordado
o mundo novo.

Pasou lixeiro o estío, indiferente,
cego de luz, de vento asolagado,
ardeu no sol o froito e a semente,
murcho de mar, de vida baleirado.

Recuperouno, serodio,
en pleno outono,
cando as follas enmudecen sobre a herba
e o zume navega xa sen forza
canas domeadas
que amolecen,
cando a mirada feble é quen dirixe
cara ó morno serán
da señardade.

E quedará este inverno transparente
denantes de virar cinsa na terra,
un galano de amor intenso e quente
pendurado no bico dunha estrela.

RAPTO

Cumpriulle aquela noite a súa tenrura,
faltáballe o acocho do seu ventre,
a luz da súa mirada, intensa e quente,
acollerse ó seu corpo con dozura.

Devecer coma cómplice silente,
desbotar aquel medo, esa tortura,
ter cun fío da man a súa cintura,
explora-los seus poros mainamente.

Camiñou polo suco da lentura
e deixouse levar, inconsistente,
ceibou rendas de vez á súa loucura.

Chamouna o mar nun rapto inexistente.
Que a auga lle dea fin a esa segura,
que a asolague e lle deite a súa semente.

BADALADAS

badalada vai
badalada vén
fanse presentes medos
as sensacións baleiras
carencias

badalada vai
badalada vén
murchos relembrados ledos
vellas amadas xeiras
esencias

badalada vai
badalada vén
enguedellando dedos
doces cambras albeiras
querenzas

badalada vai
badalada vén
vanse volvendo acedos
van pasando lixeiras
ausencias

badalada vai
badalada vén
vense amenceres quedos
recomezar primeiras
presenzas

FILME

Volveume cara a atrás a escuridade
coma unha máquina do tempo;
percibín a súa presenza
mentres o fío de luz
percorreu a longa alfombra
de diante a atrás.

O son medio esgallado,
a tímida penumbra asolagada
de frío da invernia;
húmida brétema esvarando da pantalla
ata o meu peito.

Acerriquitáronme os ollos a conciencia,
aguilloaron tanta serodia rebeldía
abandonada no camiño;
volvín a non estar seguro
de case nada.

Feliz de tanta inseguridade
retomei o costume, cara á casa,
da man dos poetas mortos.

NEGOCHE O NOME A LUZ

Non quixo oír-la alba a túa chamada,
filla sen nome
tan degoirada.

Dóenos na cerna, filla, a historia torta,
negoute o outono,
zarrouche a porta.

Esnaquizaron no ar os paxariños,
espello louro,
e os aloumiños.

Hai un camiño fondo para brincar
sebes de néboas
e soidades.

Hai un camiño longo alá no escuro,
as mans rebentan
se te procuro.

Inda nos queda o lume deses teus ollos,
vagan na noite
dos arrandeos.

Xa non estás no mundo das ilusións,
filla no vento,
tas canda nós.

NUNCA AMENCERA

Amenceu.
Nunca amencera.

Esgotouse a noite
desaxustada e febril,
finalmente derrotada
pola chuvia incandescente
de estrelas.

Entrou pola ventá.
A luzada revolveu a melodía.

Oh, oh, totus floreo,
iam amore virginali
totus ardeo,
novus, novus amor est,
quo pereoo...

Un milagre pequeniño
resolveu unha pinga
dun inmenso milagre.

Artífices dun recíproco secuestro.
Roubados un instante.
Levados entre as nubes
a través dun alcatrán inexistente.
Eternamente roubados.

Nunca amencera.

OLLOS

Verdes coma a noite,
negros coma o mar,
os teus ollos tristes
de tanto mirar.

Novos coma a noite,
tristes coma o mar,
os teus ollos negros
deixan de chorar.

Tristes coma a noite,
novos coma o mar,
os teus ollos verdes
a onde irán parar?

Negros coma a noite,
verdes coma o mar,
os teus ollos novos
saen navegar.

LINGUA

Había un estraño pouso
no aire da cidade
mentres na mesa falaban
persoeiros do poder
sobre o idioma.

Con rostros sopesados
acordaron coincidir
no diagnóstico,
os datos eran definitivos:
morría de vagariño
cando máis san estaba.

Eran curandeiros
da medicina lingüística,
menciñeiros salvadores,
inspeccionadores asalariados
do virus causante
da incesante doenza.

Radicalmente satisfeitos
da sesión de traballo,
as caras circunspectas,
asépticas,
esterilizadas,
ergueron da mesa,
apertando as mans
con aire decidido,
e dirixíronse
cara a unha nova fase
da eutanasia.

FÓRA OU DENTRO

Fóra hai unha noite estrelada
de domingo

fóra os luceiros murchan paseniño
na madrugada

fóra ateigados de infames lóstregos
de neve

fóra a cidade dorme inconsciente
morbosamente allea

fóra rebenta o peito en milleiros
de radicais silencios

fóra os incandescentes berros baten
teimosos contra nada

fóra nun só instante milimétrico
a soidade asolaga todo

fóra.

Dentro nun só instante milimétrico
de domingo

dentro os incandescentes berros baten
na madrugada

dentro rebenta o peito en milleiros
de neve

dentro a cidade dorme inconsciente
morbosamente allea

dentro ateigados de infames lóstregos
de radicais silencios

dentro os luceiros murchan paseniño
teimosos contra nada

dentro hai unha noite estrelada
a soidade asolaga todo

dentro.

NAI

I

Fuxíchesme tan cedo...!
Aínda ben non me dera o vento
da vida na cara
e xa non estabas.
Nin sequera agardaches
a termarme das bágoas.
Aínda estaba entornando
a porta da alma
e xa non estabas.
Un fouciño brutal segouche a raíz
cando máis me cumprías.
Fun pasando por riba,
fuxindo eu tamén da túa ausencia.
Xa non quixen lembrarte,
nin o tempo pasado
da infancia.
Arrombei nunha esquina
os sentires de antano.
Fun medrando, medrando,
ata non ser ninguén.

II

Hoxe, tarde de verán en domingo,
lonxe xa da casa que foi nosa,
sinto a humidade da lembranza
das túas mans limpas e claras
aloumiñando o meu pelo,
mentres se acenden nos teus ollos
pequenos vagalumes.

Sinto as túas rabias contidas
incapaz de as manteres máis alá
dunha mirada.
E as tardes compartidas, mantelo,

recendo a piso de madeira mollada.
E a distancia, esa distancia de xeo,
na beiramar, tan pequeno,
aquelas húmidas noites de ausencia,
comezo da partida,
definitivamente
sen retorno.

III

Marcháchesme tan cedo!
Só queda no aire o recendo
e no peito esa ansia rotunda
que teñen os nenos.

Acolétame neses teus brazos,
que o tempo parou,
e cando aperte a nostalxia
e os camiños se tornen escuros,
poderei pensar nos teus chuchos,
nos cabelos de prata,
conversando contigo
no fondo dos ollos,
para irme durmindo amodiño,
para sempre,
na calor matricial do teu colo.

VOLVEUSE A NOITE

A noite volveuse azul,
e no abouxadador silencio
soaron palabras
sobre o peito.

A noite volveuse curta,
e no tristeiro silencio
petounos a chuva
sobre o peito.

A noite volveuse eterna,
e no húmido silencio
falaron as mans
sobre o peito.

A noite volveuse noite,
e neste escuro silencio
soou o recordo
sobre o leito.

NOITE PECHA

Sinto esta noite andando polas veas
a rebentar luceiros e trasmallos,
pousouseme un negror no medio e medio
da luz enfeblecida da distancia.

Só poderei deitar bile visguenta,
provocar vermes, tufos, treboadas,
rever engurra mesta encol da cerna
pel de húmido cartón, manto de terra.

Baleirarme outra volta nos cavorcos,
afogar nas ferverzas escumosas,
naufragar na ribeira dunha poza,
aviarme con liques e con oucas.

Camiñarei camiños desandados
nun tobogán de berros e tremores,
e morrerei mil mortes nun segundo,
mentres dormen, sen sabelo, os vagalumes.

Só a mañá será quen de avivarme,
ha chegar un alento polo leste
-transparente ronsel estrelecido-
prender novas muxicas nesta cinsa.

NO PAÍS (XERACIÓN A RENTES DO AR)

O home da noite brincou polas leiras do país.
 Os fungueiros da morte navegaron, ledos, as estrelas.
 Un chíó arrepiante do mar callou no tristeiro solpor.
 As canas do vento zoaron rebuldeiras ó amencer.
 A noite deveceu, ferida de morte, pola luz.
 As xentes romperon as rúas cos berros.
 NO PAÍS, AS ESTRELAS DO SOLPOR BRINCARON
 UN AMENCER DE LUZ E BERROS...

O home da noite navegou no tristeiro amencer.
 Os fungueiros da morte callaron polas leiras dos berros.
 Un chíó arrepiante do mar brincou, ledos, na luz.
 As canas do vento romperon, feridas de morte, as estrelas.
 A noite zoou as rúas do país.
 As xentes deveceron rebuldeiras no solpor.
 O AMENCER DOS BERROS NA LUZ DAS ESTRELAS NAVEGOU
 O PAÍS DEICA O SOLPOR...

O home da noite callou, ferido de morte, nos berros.
 Os fungueiros da morte brincaron, tristes, pola luz.
 Un chíó arrepiado do mar deveceu as rúas do amencer.
 As canas do vento navegaron polas leiras ó solpor.
 A noite rompeu, rebuldeira, as estrelas.
 As xentes zoaron, ledas, no país.
 OS BERROS DA LUZ DO AMENCER CALLARON
 Ó SOLPOR AS ESTRELAS DO PAÍS.

DOMINGO

Liviá,
pasou liviá a mañá
desta mañá de domingo.

A néboa estraña negoume dúas veces:
non sei se é posible chegar a estar tan só
mirando o mar.

Nun segundo envellecín
case por primeira vez,
en silencio.

Recuperoume a rúa querida
co seu abatemento.

Livián,
chegou livián o serán
desta tarde de domingo.

A inconsistencia negoume varias veces:
non sei se é posible chegar a estar tan só
mirando o mar.

Envellecín outro segundo
en varias horas,
case por primeira vez.

Abateume a luz recuperada
coa súa palidez.

Non hai nada tan cruel
coma un domingo calquera.

TRIPOU

Tripounas con forza
as molladas rúas da cidade moura
por ver se esas pedras lle tiran do soño.
E foi onda ela.

Mesturou os ollos
no chumbo do ceo da cidade estraña
por ver se a mañá lle tira a mirada.
E foi onda ela.

Mergullou o rostro
na incesante chuvia da cidade seca
por ver se a segura lle tira coa sede.
E foi onda ela.

Abriu os oídos
ó rumor profundo da cidade morta
por ver se o ruído lle tira o silencio.
E foi onda ela.

Encolleulle todo
a pouta do abano da cidade vella
esnaquiza anacos espaxe cinsas.
E foi onda ela.

Rebentou o peito
no abrazo de morte da cidade feble
escacha nos cachos milleiros de luces.
E foi onda ela.

E foi onda ela
nas molladas rúas
no chumbo do ceo
na incesante chuvia
no rumor profundo
na pouta do abano
no abrazo de morte.
El... foi onda ela.

ANACOS

Dende a soidade da noite
miro en silencio a cidade.
Adormeceu a palabra.
Só, respiro fondo e sinto.

---x---

Estou perdido e vencido
na porta do labirinto.
Labirinto cego e namoradeiro,
non podo fuxir de ti
sen ter entrado primeiro.

---x---

Rompe a noite na cidade.
Malia durmir paseniño,
teño tal sono no peito
que estou durmido xa hai tempo,
inda que soño de esperto.

---x---

A onde vai tanta formiga
polas rúas da cidade?
Galopan cara a ningures,
recuperando a soidade.

TREMORES

Tremen os vidros coa treboada
neste serán serodio
en primavera.

Non hai auga que asolague tal incendio,
nin trono que enmudeza tanto berro,
nin lóstrego que prenda na memoria.

Tremen as tempas e estremécese
a mirada golsando a febre
cara á cerna.

Houbo unha tarde de gorxa muda
neste serán serodio
en primavera.

Matouse o alustro contra os muros do silencio
sen que puidese atinxi-lo seu destino
esquecido na memoria.

Esnaquizouse o compás cun obstinato
e nin a noite será quen de interpretalo.

Só a palabra sen resposta,
a mirada sen ollos,
o frío quente, a suor seca
afirmarán rotundamente
a máis rotunda negación.

Tremen as veas e as pálpebras vencidas
neste serán serodio
en primavera.

Pasan as horas máis cerca do epitafio
coma un raio,
quedarán sinaladas no reloxo do destempo
en soliloquio da memoria.

Esnaquízanse os tremores
na treboada serodia e obsoleta
trancando definitivamente o paso
co muro de silencio.

Soño

Sobre un descoñecido soño adormecera
nun neboento leito de loureiros
adormecera ela nun leito de herba amolecida da outonía
espida de outonía alimentábase a súa pel de follas rubias
con rubias follas de pradairo cubríaa el mainamente
mentres os papullos dos seus dedos
percorrían cada poro do seu corpo
o seu corpo era un volcán incandescente de lume
os seus beizos abafantes sobre cada recuncho
en cada recuncho nacía unha vaga
de amor a percorrelos de abaixo a arriba
tolamente a percorrelos sen poderen domeala
encerellándose entre eles nunha loita sen cuartel
sen cuartel os seus dedos disputaban a tenrura
a tenrura sentíase coma fíos teimudos de corrente
de corrente teimosa arroibado estaba el vizoso
e a roibén era coma denantes
coma denantes devecía por verterse nela inmensamente
enchoupada nel inmensamente vizoso
vizoso nela de amor namorado coma nunca
coma nunca fora nin un soño
fora un soño

NUNCA UNHA NAVE FENDERA O MAR...

Nunca unha nave fendera o mar
con tanto poderío.

Foran as madeiras de rexos carballos milenarios
apañados nas máis antigas fragas.

Os ferros, agarimosamente cociñados
nas forxas dos máis amados lumes.

As velas bordadas con fíos de ouro,
tecidas no liño dos máis vizosos vales.

Botouse ás vagas na procura de Penélope.

Gobernou o leme decidido
esfarelando as treboadas
en interminables días solitarios.

Arribou, serodio,
e tendeuille ela a man.

E acubillouno no seu peito.

E non soubo el que facer
con tanto amor.

NENA

Mañanciña de inverno dorme a nena,
 entre soños de chuvia e de algodón,
 sente o beixo amoroso na meixela,
 pechase lene a porta do salón.

Mañanciña de inverno deixa a ría,
 bate o vento a tremelle na fazula,
 singra o rostro curtido, nordesía,
 queda a nena durmindo na lentura.

Sobordada a mirada e arreposto
 vai co peito tendido a sotavento,
 pola popa amodiño morre o porto,
 aluma o día frío e augacento.

Fía mallas, dous en dous, corta a tesoirá,
 cal paxaro engaiolado entre os seus fíos
 tremen letras de futuro encol do colo,
 anda o reloxo, inquedo, en arrepíos.

Canta lembranza do pai, canta tenrura,
 cantos días coma ese no recordo!
 Canta arela, canto amor, canta dozura,
 canto devezo acubilla alá no fondo!

Un alento de amor empurra a nave,
 fende o cano a proa, albisca a ourela,
 a auga xa é unha pátina suave,
 a babor o tesón, a estribor ela.

Un chucho ensalitrado na meixela,
 o agarimo salgado da súa man.
 A vaga de querencia que non cesa
 e sobe no segredo dende o mar.

DISTANCIA

Zoa o vento do mar polas valgadas
e unha chuvia miúda entra nos ollos.
Todo está case deserto,
apertan as tempas
contra dentro.

No interior alónganse os recordos
coma exércitos de formigas
buligando
nos lugares
máis recónditos.

Vén de tan lonxe un vento frío
e é tan forte a súa pegada...

Podería dar mil berros
coa forza desatada
e abrir centos de camiños
entre as penas.

Esnaquiza-lo aire
soamente coas palabras,
acanea-lo universo
sen pancada.

Podería interpreta-las melodías
máis amadas
e engatar polos curutos
das montañas.

Podería ser el mesmo unha vez máis
na madrugada
e rebelárselle o peito
e a mirada.

E non obstante
foise esvaendo manseliña a tarde
no delongado decorrer do tempo
entre o zunido do vento mareiro,
a morna chuvia de abril
e a distancia.

A maldita distancia...

RETORNO SEN VOLTA

Volvín

-hai un camiño á volta-
na miña procura
tripei pegadas
dos devanceiros.

Volvín

-hai un camiño estreito-
a cada recanto
enxerguei a fin
sempre máis preto.

Volvín

-hai un camiño escuro-
procurando acougos
tan infactibles
tan necesarios.

Marchei

-polo camiño longo-
fun decontado
e mais quedei
preso do tempo.

Agora seino ben:
xa nunca me darei ido.

SALOU

O sol rubio,
faroliño chinés
rodeado de néboa
no poñente.

As miradas vólvense
e desátanse as lembranzas,
mentres o autobús
se vai indo
no devalar do serán.

Cheos os ollos
de refoleos algareiros,
aire, sal e auga de Salou,
respirados a trabadas
cincuenta veces por segundo.
Asoma unha bágoa
imprevisible.

O sol mouro,
abafado de fume mesto
no poñente,
vai tomando a noite,
anunciando a Terra
no horizonte.

MENTRES CAÍAN AS ESTRELAS SOBRE A RÍA

Mentres caían estrelas sobre a ría
retornou do regreso á noite fría.

Penetrara nos seus ollos
ata tomarlle a mirada nova
tan sabida

mergullouse na súa boca
para atopar unha cinsa, unha muxica
prendida

mentres caían estrelas sobre a ría.

A súa voz, as palabras
outra volta
agarimosas melodías,
as súas mans debuxaron
ronseis de recordos ledos
no espazo baleiro.
Zugouna desesperadamente
sen se decatarse
mentres caían estrelas sobre a ría.

E alí estaba el endoutro lado da paréntese
esvaído
morrendo un pouco máis menos nese intre
silandeiro.

Sen outra luz cá da lúa pechou os ollos
e regresou do retorno á noite fría
mentres caían estrelas sobre a ría.

RÍA ESTRELADA

Como quedar impasible
mentres esvara entre os dedos
a auga morna das bágoas.

Como matar de socate
arela tan desmedida
namentres quede un alento.

Como non dar nin un berro
mentres se vai paseniño
a luz profunda dos ollos.

Como ser quen de esvaerse
mentres se pecha no peito
toda a noite de repente.

Como esquecer un instante
mentres se murcha amodiño
a folla verde do umeiro.

Como morrer un minuto
mentres caian as estrelas
sobre a ría.

TIBIDABO

Unha lava de tellados
esborrállase pola aba
cara ó mar,
acurrada entre cuiñas asombradas.
Roxe o formigueiro
entre tobos e escaleiras.

A nora esculca impasible,
maxestosa, a cidade.
Berros de estómagos nas gorxas
devecendo co terror.
Voltas,
reviravoltas boca a abaixo,
vertixinosos abanos,
mans tremelucientes que se pillan,
asolagadas de suor,
configurando de novo,
cada partícula de segundo,
o máis antigo dos milagres.

Un sopro de friaxe no solpor
anuncia o abandono
irremisible
da montaña máxica.

PECHAI ESA PORTA!

Pechai esa porta!
O camín está escuro.
Non podo mira-los teus ollos
baleiros p'ra sempre.
Non podo senti-las túas mans
engurradas e frías.
¡E non podo verte!
Prefiro lembrarte na noite
da infancia esquecida,
que quero sentir vagariña
a palabra de amor dos teus beizos.
Non quero velarte!
Non son quen a mirarche o cabelo
pechado no teu pano negro
de viúva do tempo.
Que só podo falarche de lonxe!
Acochado nas trémulas follas,
podereiche dici-lo que xa tan ben sabes.
Canto morre contigo, con vós!
Que premendo esa restra de sangue
vou rubindo -enchoupándome a historia -
ata o cume das miñas raíces,
arrumbadas nun anco da alma.
Tantas veces querendo falarvos
sen saber artinar coas palabras!
Os meus vellos, que ides caendo en silencio
sen dar tempo a sentirmos
como imos morrendo con vós.
Que farei sen as vosas miradas
sereas e limpas de monte e de mar?
Que farei p'ra apaga-los remorsos
por non tervos gozado?

Non, xa non podo ollarte!
Non sabería mirarte apagada
e inerte.

Ti, que fúche-lo amor,
a vida e a calma
no cume do monte.

Nin sequera albiscarte!
Prefiro lembrarte na noite
da infancia esquecida.
Que quero sentir vagariña
a palabra de amor dos teus beizos.

PESADELO

A nena durmía...

Un soño cor negra
meteuse na noite.
Cruel pesadelo
de bombas,
de metraladoras.
Ouveos dos lobos
da guerra
nesta albada fría.

A nena durmía...

Estoupa unha pomba
coa súa claridade.
No plácido colo
do vento
bateu a campá.
Esperta de novo,
pequena,
que está abrindo o día.

RETORNO

Entra
o fume da néboa
pola boca da ría.

Pasan
desesperadamente
automóbiles e motos
a un lado e outro
neste serán de domingo.

Camiñan
cara a ningures
devecendo apura-lo día.

Copa aquí,
Copa acolá,
a casa patrucial
agarda a recollida nocturna
do fillo visitante.

Rube
a néboa polas penedías,
engata aba arriba,
cara ós eidos esquecidos.

Cae
a noite manseliña
polas escuras paredes.

Trema
a vella man,
engurrada e triste,
termando da pota de hipermercado,
premendo o mulinés,
moendo lenemente
as agullas do reloxo.

Debruzado no escano,
tras da cociña,
lembra

o fillo os tempos idos,
como se vinte anos en Xenebra
xa non fosen

nada.

Sente
a chamada do antigo,
sobre o que van caendo,
irremisiblemente,
as tebras.

BARRIO

Adiviño a outra beira
da ría tralos poeirentos
cristais.

Finísimas engurras
prateadas
debuxan ronseis,
a penas migallas
de mil descoñecidas
singraduras.

Algarean os rapaces
nos randeos,
mentres a bóla
acada
unha canastra;
o pai agrola un curto
de cervexa
no en tanto a ficha
irrompe sonoramente
na entrada do serán.

Hai unha nube moura
pousada mesmo enriba
do gris mollado.
Se cadra os irisados raios
xa non sexan quen
de soportala
e rebenten en milleiros
de pingas salvadoras.

Quixen pilla-lo pulso
deste barrio nunha tarde
de abril
e non souben máis
ca escribir unha parvada.

LÚA

Quedou preso na lúa crecente,
atrapado entre os seus dedos mornos,
dos cabelos tan negros e dondos,
do silencio no medio da xente.

Sabe ben que non debe soñala,
nin mira-los seus ollos salgados,
nin bica-los seus beizos mollados,
sabe ben que non pode querela.

Cando a forza se vai lenemente
e a noite mourea no leito,
acubilla na cerna do peito,
vagalume de cinsa aínda quente.

Deixa andar vagariño o torrente!
Non permite máis esa segura!
Adormece de vez a cordura,
recupéraa xa para sempre.

XITANA

Chegou, mañá de invernía,
asolagando a escola cos seus ollos,
noites sen lúa.

Deulle un vento ó aire parado,
debuxando ronseis co seu cabelo
de esparto e sal.

Camiñou entre altos cumes,
navegando baldosas e miradas
de tinta e frecha.

Deitou unha ínfima bágoa,
mollando o mapa da súa cara,
cirro de oliva.

Noite de cirro,
oliva e frecha,
lúa de esparto,
de tinta e sal.

Rédeas nos dentes,
sobordados
de rebeldías
namoradeiras.

Case non puido catala,
negóuselle teimuda a liberdade
namoradeira.

Séculos de odio e miseria
puxeron no seu colo unha baraza,
rédeas nos dentes.

Un rebento de coraxe
tentou abri-las tempas e as queixadas,
de rebeldías.

Foise muda en primavera,
brincándolle un cabalo entre os seus ríos
sobordados.

Noite de cirro,
oliva e frecha,
lúa de esparto,
de tinta e sal.
Rédeas nos dentes,
sobordados
de rebeldías
namoradeiras.